

**mándoche esta árbore branca  
(correspondencia con John Berger)**

**Lupe Gómez**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

GÓMEZ, LUPE (2012 [2011]). “mándoche esta árbore branca (correspondencia con John Berger)”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 808 (11 de febreiro), 1-8. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1433>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

GÓMEZ, LUPE (2011). “mándoche esta árbore branca (correspondencia con John Berger)”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 808 (11 de febreiro), 1-8.

\* Edición dispoñíbel desde o 23 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

















MADONNA: (Baila co “hula hop”.) Amigo Avelino, ti es un home avanzado, apaixonado e vangardista. Galicia queda pequena para ti. Mereces vivir en Nova York. (Pausa.) Esta noite irei contigo e co teu amigo Abella á praza da Quintana a comer as uvas de Noitevella e escoitar as badaladas. Bailaremos “hula-hop” eternamente! Escorrentaremos os prexuízos, os dogmas, as idiosincrasias! Curaremos os males do corpo e da alma!  
*(Madonna canta en inglés. Avelino pon a boina e solta un aturuxo heavy.)*

.....

“¿Con que soñan as mulleres?, preguntoume.  
Con que os lugares deixen de estar separados, dígolle.  
¡Pero os lugares teñen que estar separados! ¡Para iso están os quilómetros!”  
John Berger

## DE A PARA X

Ferrol móbilízase en defensa do sector naval. Recibín a túa postal e sentínme alegre todo

o día. “Como van os campos? espero verte axiña, quero ir a Compostela e espero tomar un café contigo e mentres tanto desexo que o teu mundo siga bonito, eu esfórzome en que o meu tamén o sexa para cambiar o mundo enteiro”.

Unha historia en cartas é un combate corpo a corpo. Ti mándasme toxos. Eu mándoche patacas. Ti mándasme sobres reutilizados. Eu mándoche sobres prefranqueados. Ti mándasme silencios. Eu mándoche terra.

A nosa barquiña ten un motor e podemos ir polo mar ata alcanzar as estrelas. Queridísimo amigo John: hoxe poño un vestido branco para dicirche adeus coas mans.

*(“O efémero non é o oposto ao eterno. O oposto ao eterno é o esquecido... Son as cousas pequenas as que nos asustan. As cousas inmensas, aquelas que poden matarnos, fannos valentes.” Os campos polas mañás están brancos de azucre.)*

.....